

## F O C O

## BRUCE ELDER

28-29-30 de maio de 2017

## Un logro imponente do cinema experimental

Por Martin S. Watson

*The Book of All the Dead* (1972-1992), de Bruce Elder, sitúase, desde calquera perspectiva, como un logro imponente do cinema experimental e como unha das poucas películas ás que se lle podería aplicar o epíteto «épico». As súas máis de 40 horas e a gama inmensamente variada e completa de técnicas e temáticas formais e estéticas que vai debuxando son un testemuño disto. Cada unha das tres partes, baseadas nas divisións da Divina comedia de Dante, presenta diferenzas estruturais radicais, sobre todo a parte final, *Exultations*, a nivel de dispositivos técnicos e mudanzas máis facilmente delimitábeis en canto ao contido filosófico/discursivo. A simple presenza deste «contido discursivo», é dicir, os textos explicitamente filosóficos e as reflexións, que a miúdo se presentan de diferentes formas ensaísticas ao longo do filme, presenta un dos maiores retos interpretativos do ciclo. Porén, a práctica imposibilidade de realizar calquera tipo de declaración xeral sobre a obra como conxunto lévanos á posibilidade de estudar as relacións formais partindo de fragmentos máis curtos do filme.

Aínda que varias persoas escribiron sobre o uso dos textos filosóficos e o sentido único da linguaxe de Elder, coído que os comentarios de Stan Brakhage sobre o filme, feitos moito antes de que Elder rematase o seu ciclo, son especialmente relevantes, non só porque chegan da man dun compañeiro do cinema experimental, senón porque parten de alguén que afirmou sentirse máis cerca do «épico Elder que de calquera outro cineasta vivo», manifestando asimesmo unha poderosa «oposición estética». Calquera espectador de Brakhage e Elder podería entender esta cercanía e esta oposición: certamente, ambos cineastas están entre os máis interesados en explorar os fenómenos da visión e a percepción, e por suposto ambos están entre os máis poéticos pero dunha maneira radicalmente diferente. Os filmes de Brakhage son predominantemente líricos, quizais os máis líricos que se teñan feito nunca. Os de Elder son poéticos no sentido d'Os cantares de Ezra Pound: trátase dunha épica que inclúe o seu propio intelectualismo, ás veces perigoso, e en certo modo condenado ao incompleto.

**Elipse, imaxe e aura.** Nunha carta na que comenta as alusións do seu cinema aos *Cantares* de Ezra Pound, Elder sinala que «da mesma maneira que a vida non interpreta os detalles da nosa experiencia, tampouco o fan os *Cantares* de Pound nin *The Book of All the Dead*». Os «detalles» do seu filme son o que antes chamabamos «as voces, as imaxes e os fragmentos dos documentos, os textos literarios e os traballos científicos» cuxa orde semella aleatoria, e cuxa relación coas imaxes que os acompañan semella arbitraria. A continuación, Elder apunta que «o que é crucial para un proxecto deste tipo é un tropo que era esencial para o propio método de Pound: a elipse»

De novo, pódese ver gran parte do significado e da creación da estrutura do filme na orixe, ou cando menos nesa gran dependencia da metodoloxía, que atinxe tanto á relación entre texto e imaxe como ao vínculo entre o discursivo e o estético. Esta caste de estrutura está relacionada coa oposición entre o concepto de *imaxe*, tal e como o entende Brakhage, «unha conxunción de elementos visuais» (o terreo de Elder), e de *aura*, é dicir, «unha indomábel continuidade de formas irregulares construídas bioloxicamente e de matices mesturados» (o terreo de Brakhage). Este reino da aura, e isto é importante, ten a ver, segundo Brakhage, cun estado prelingüístico do individuo, mentres que el ve o traballo de Elder como unha obra especificamente ancorada na creación de significados lingüísticos.

«Para Bruce Elder, a *escena* é a *palabra*, de modo que unha panorámica por unha paisaxe vese (ou pode verse) como unha oración ou como o fragmento dunha oración relacionada con outra dentro da montaxe dun parágrafo, a cal ademais se entrelaza a miúdo co texto verbal e impreso –a visión ocular e o pensamento in situ interveñen de maneira simultánea na pantalla en tanto que proceso–, nunha continuidade que non admite o espazo, nin *nada* que non proceda da filosofía».

**A percepción snowiana.** Ademais de Brakhage, outro dos cineastas cos que Elder comparte unha liña de afinidade é o seu compañeiro de Ontario Michael Snow. O autor de *La región central* (1971), a quen se considera a miúdo como un «cineasta cognitivo», gañou este apelativo tras ter realizado filmes, hologramas, pinturas e outros medios, a miúdo orientados á expresión ou toma de conciencia do espectador das realidades da cognición. Snow logrou todo isto por medio de múltiples recursos, sendo o máis famoso deles o seu traballo arredor do zoom (*Wavelength*, 1967) e a panorámica (<---->, 1969) que levaron

o espectador a sobrepasar os mecanismos do cinema, entrando nunha conciencia reflexiva do proceso de coñecemento necesario mesmo para unha percepción visual básica.

Aínda que os filmes de Elder, incluíndo *Illuminated Texts*, son moito menos conceptuais nese sentido, a miúdo empregan tácticas semellantes: unha das consecuencias na percepción de bombardear o espectador con planos detalles aparentemente desconectados é o xiro reflexivo do filme cara ao proceso de percepción. Esta práctica empeza coa disonancia cognitiva propia do paso da obra lida na pantalla ás propias cartas, volvendo e ampliándose ao longo do filme.

**Violencia da repetición.** *Illuminated Texts* está formada por múltiples imaxes: paisaxes, animais, minusválidos, atletas, turistas, etc., filmados en rápidos xiros ou panorámicas, xiros que normalmente se montan con planos doutros xiros, buscando a sensación de mergullo ou caída, e panorámicas decote montadas con outras panorámicas en sentido inverso, intercalando todo isto con series progresivas de imaxes ao estilo de Muybridge que se corresponden co material previo e con material rotoscopado do que finalmente se revelará como Auschwitz, situando o marco da devastadora secuencia final relativa ao Holocausto. Todo este material é fermoso e emocionante en si mesmo: resulta esteticamente autónomo e arrastra os significados literais e concretos do que representa xunto cos significados secundarios da «pantalla» propios da gramática cinematográfica.

O problema de recibir desta maneira o traballo é que, por suposto, ningunha imaxe é estábel: ningunha repetición é en realidade unha repetición do mesmo, senón a repetición do que era o mesmo. O paxaro que mergulla na escena filmada fóra de Auschwitz permanece como imaxe concreta unificada contra a que poderíamos comparar outras, mais cando reaparece en pantalla xa mudou. En *The Foreignness of the Intimate*, Elder escribe: «Na arte, a repetición, posto que a reaparición de calquera elemento supón que este sexa arrancado da súa propia identidade, conleva unha gran violencia». Esta violencia é aínda máis forte en *Illuminated Texts*, onde a busca dun sentido nos modelos revela a falta de identidade de cada imaxe por si mesma, tanto nun plano lingüístico como visual, obrigando de novo o espectador a reparar nos detalles da imaxe. Por suposto que isto non significa que non haxa unha estrutura en *Illuminated Texts*, ou que a estrutura non teña un sentido, posto que a estrutura en forma de fuga existe e non só conleva unha serie de sentidos posíbeis, senón tamén unha importancia estética. O que isto quere dicir é que nin sequera a estrutura da montaxe pode servir para determinar o grao de diferenciación dun plano a outro, así como da imaxe, o texto ou a voz. É un bo exemplo do que Elder denomina «a habilidade para mostrar o proceso; resulta máis evidente cando se enfatiza a velocidade que queda licuada destacando a capacidade do dinamismo para disolver os límites e para dar forma ás ruínas [...], permitindo que o corte, que privilexia a mutabilidade, a inestabilidade e a ambigüidade, conduza ao máximo nivel de fragmentación».

Publicado en <http://elumiere.net/>  
Tradución do inglés: Franciso Algarín Navarro  
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

## Programa #1

Domingo 28 de maio | 15:45h  
[Presentación e coloquio a cargo  
de Francisco Algarín Navarro]



### **BREATH/LIGHT/ BIRTH.** 1975, 6 min

«En *Breath/Light/Birth*, encontrámonos primeiro co corpo creativo e somos testemuñas despois desa creatividade corporal que fala máis claramente dos grandes misterios da conciencia e a experiencia, da creación dun corpo a partir doutro» Stephen Broomer



### **THE ART OF WORLDLY WISDOM.** 1979, 55 min

«Convincente e reveladora exploración da psique dunha persoa en crise». Linda Gross



### **1857 (FOOL'S GOLD)** 1981, 25 min

«Este filme é un acto de celebración realizado a partir da luz e a cor, do son, da quietude e o movemento, do ritmo inexorábel e da enerxía do mundo natural». Carole Zucker

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | www.numax.org

## Programa #2

Luns 29 de maio | 20:00h  
[Presentación e coloquio a cargo  
de Bruce Elder]



### **SWEET LOVE REMEMBERED.** 1980, 14 min

Inspirado en textos de Freud, «Eros non deixa tan claras as súas intencións coma no desexo de facer de dúas cousas unha»; e Nietzsche, «Canto deberon sufrir estas persoas para rematar sendo tan fermosas». Bruce Elder




### **PERMUTATIONS AND COMBINATIONS.** 1976, 8 min

«Un recipiente en conserva para os elementos do azar. Xunto con *She Is Away*, dámos unha idea da forma material do conxunto do ciclo *The Book of All the Dead*». Bruce Elder



### **LOOK! WE HAVE COME THROUGH!.** 1978, 12 min

«Unha revelación do proceso de montaxe realizado cun coidado e unha precisión considerábeis. A interrelación entre o movemento do corpo e o movemento da cámara acada a intensidade dunha loita». Joyce Nelson




### **BARBARA IS A VISION OF LOVELINESS.** 1976, 8 min

A manipulación óptica de ton, figura, liña e movemento xera unha coreografía puramente cinematográfica.



### **SHE IS AWAY.** 1976, 13 min

«Evocación da ausencia a través da continuidade elíptica e a repetición de imaxes arquetípicas da soidade» Ian Birnie



### **TRACE.** 1980, 1 min

Evocación dun serán practicamente perfecto.



### **INFUNDE LUMEN**

#### **CORDIBUS.** 2004, 22 min

«John Cage ensinounos que a arte debera imitar a natureza na súa maneira de operar e tentei aprender a lección» Bruce Elder

## Programa #3

Martes 30 de maio | 21:25



### **ILLUMINATED TEXTS**

1982, 180 min

«Inspiradora nas súas técnicas, rapsódica nas súas paixóns, unha enciclopedia no seu ámbito, o filme traza a longa caída que vai do paraíso á barbarie moderna» Art Gallery of Ontario